

Os concelleiros e concelleiras dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, XA (Xinzo Adiante) e BNG de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presentan ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN MARCHA POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE DUN MODELO DE PLAN ÚNICO PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso, e en coherencia coa lexislación, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto para o ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: o Plan Provincial de Cooperación, dotado con 5.308.500€, o Plan da Rede Viaria, orzamentado con 2 millóns, o Plan de Emprego, con 910 mil euros, a razón de 10 mil euros por concello, cooperación vía convenio cos concellos (1,3 millóns de euros), Plan Termal, con 1,2 millóns de euros e acción social (1,2 millóns de euros).

De todos eles, tan só o Plan provincial, o de emprego e o de acción social, son os únicos que se distribúen a todos os concellos, en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutíbeis, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento, apenas supón un investimento de pouco máis do 9% do total. Trátase dunha partida cativa que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades dos concellos.

Estes datos contrastan enormemente co esforzo que están a facer as outras deputacións galegas nesta materia, que se moven por enriba do 25% do total do orzamento (ate o 42% no caso da Coruña), agrupando todas as subvencións aos concellos nun Plan Único que permite, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo, en función de criterios ponderados, o diñeiro público, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos.

Concellos como Guitiriz, que está preto dos 6.000 habitantes, equiparábeis a vilas como Allariz, perciben anualmente con este modelo 7 veces máis; ou Sarria, semellante en poboación a vilas como Carballiño, Barco, Xinzo ou Verín, percibe arredor de 500 mil euros (9 veces máis), ou concellos pequenos como Triacastela, con menos de 1.000 habitantes, e moi similar a Vilar de Santos, recibe case 4 veces máis.

Desde hai varios anos, feita a liquidación anual, a Deputación ven arroxando un superávit importante que se distribúe, case exclusivamente, con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións arriba mencionadas.

É preciso que nunha provincia que está na UCI, na que a desertización está a ser unha dramática constante (hai máis de 300 núcleos de poboación que non conta cun só habitante) crear as condicións para que as persoas poidan vivir dignamente, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso compre que os concellos poidan dispor de recursos, e dentro da súa autonomía municipal, destinalos para aquilo que consideren perentorio e necesario.

Por todo o exposto anteriormente os concelleiros e concelleiras asinantes solicitamos a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. **INSTAR** á Deputación de Ourense para que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios xa establecidos pola FEGAMP, se faga un reparto aos concellos da provincia a través dun Plan Único de investimentos que se sitúe na fronteira do 1/3 do total do orzamento, como xa están a facer as restantes deputacións galegas.
2. **SOLICITAR** que a Deputación suplemente, no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc.) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións do País.
3. **ESIXIR** que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsábel na procura dunhas mellores condicións de vida para os nosos conveciños e conveciñas.

En Xinzo de Limia, a 14 de agosto de 2017

Elvira Lama Fernández

Manuel Pérez Campos

Ramiro Rodríguez Suárez

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA